

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE SETEMBRO DE 2019**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual setembro 2019 .....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en setembro de 2019.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en setembro de 2019 .....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	28
9	RAIOS.....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 31/01/2020**



**Mes cálido e precipitacións no rango normal pero distribuídas de forma desigual.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de setembro quedou marcado por unha primeira quincena na que as altas presións de bloqueo foron quen de achegar por momentos masas de aire cálido desde o sur da península Ibérica e o norte de África. A segunda quincena foi xa algo máis variable, cunha terceira semana tormentosa e a chegada das primeiras borrascas atlánticas a partir do 21. Esta chegada de baixas presións compensou en parte as anomalías acumuladas na primeira quincena.

O primeiro día do mes tivemos o paso dunha fronte nas primeiras horas do día, pero a situación foi mellorando con relativa rapidez, aínda que as temperaturas non foron elevadas, xa que os ventos sopraron do nordés, con intervalos de moderado.

O día 2 as altas presións foron movéndose cara ao norte, achegando máis estabilidade e propiciando un ascenso de temperatura e máis horas de sol.

O día 3 foi o máis caloroso do mes, xa que as altas presións deixaron o ceo despexado e a presenza de aire cálido impulsaba os termómetros ata valores que no interior superaron os 35°C e no litoral os 30°C.

Na xornada do 4 as altas presións retiráronse algo cara ao oeste, polo que a masa de aire non era tan cálida, pero aínda así continuamos gozando de tempo seco, soleado e con elevadas temperaturas para a época do ano, particularmente nas Rías Baixas.

Entre os días 5 e 8 a presenza dunha baixa térmica no centro da península Ibérica comprimía moito as isóbaras, polo que continuamos con estabilidade, pero os ventos do nordés sopraban con forza en toda a Comunidade.

Nas xornadas do 9 e o 10 unha fronte moi pouco activa acompañada de aire frío procedente do Atlántico norte ocasionou algunhas chuvias febles na metade norte e unha baixada xeneralizada da temperatura. Isto foi un cambio moi transitorio, xa que o mércores 11 Galicia recuperaba a situación anticiclónica, deixando 3 xornadas consecutivas de sol e boas temperaturas.

A masa de aire frío que pasara sobre Galicia o día 10 volveu na xornada do 15 en altura, logo de ocasionar chuvias moi fortes ou torrenciais en áreas do sueste da península Ibérica. En Galicia abriu un período de inestabilidade atmosférica, que se prolongou ata o día 20.



Así, en superficie continuaba o aire cálido e as altas presións, pero o aire frío en altura provocaba a aparición de nubes de evolución e fenómenos tormentosos, por momentos de forte intensidade, que quedaron distribuídos dun xeito bastante irregular ao longo do período, aínda que terminaron por afectar a case todo o territorio galego.

Cando esa zona de aire frío se retiraba de Galicia durante a tarde do 20, comezou a achegarse a primeira borrasca significativa do outono que na xornada do 21 deixaba chuvias, máis persistentes en Pontevedra e sur da Coruña e máis ocasionais no resto.

O 22 foi un día de transición, con chuvias febles e illadas. Pero o 23 os restos do furacán Humberto situábanse sobre Irlanda, deixando avisos por fortes ventos e chuvias intensas no oeste.

Nos seguintes días, entre o 24 e o 27, Galicia quedou nunha zona intermedia entre o anticiclón nos Azores e baixas presións no Atlántico. Isto provocaba ventos temperados e húmidos procedentes do suroeste que deixaron mañás con moitas nubes e algunhas chuvias no oeste e tardes de ceo máis aberto.

O 28 as altas presións dominaron máis a situación, deixando un día de ceo aberto e boa temperatura, pero o domingo 29 una fronte deixaba nubes e chuvias febles na metade oeste, unha situación semellante á do día 30, con elevadas temperaturas na metade leste, onde os termómetros rozaban os 30°C.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) pódese observar unha forte anomalía positiva ao noroeste de Galicia sobre o Atlántico. Esta anomalía fixo que durante o mes de setembro os centros de altas presións afectaran á Comunidade galega, provocando tempo estable e bloqueando a chegada de borrascas atlánticas ata a última semana do mes. Así mesmo, esta situación permitiu que aire cálido de procedencia norteafricana trouxera temperaturas moi cálidas para a época do ano e que deixase ventos predominantes de nordés.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Setembro-2019.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Setembro-2019.



#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	SETEMBRO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.7/19.0	18.6	20.6 (2014)	15.7 (1952)
Tª mínima media	15.7/15.8	15.2	17.1 (2014)	12.2 (1952)
Tª mínima absoluta	12.5/12.9 (día 28)	5.2 (20/09/1938)		
Tª mínima máis alta	18.6/18.2 (día 30)	20.6 (28/09/1990)		
Tª máxima media	21.7/22.2	22	23.5 (1987)	19.1 (1952)
Tª máxima absoluta	25.2/26.3 (día 30/3)	31.9 (02/09/2018)		
Tª máxima máis baixa	18.0/18.6 (día 10)	15.2 (01/09/1956)		
Precipitación acumulada	20	42-76	258 (1932)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	5	8	19 (1933)	1 (1985)

*Comentario:* Mes cálido tanto en temperaturas máximas, mínimas e medias, aínda que próximo á normalidade.

A chuvía rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvía tamén foi inferior ao agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

## SANTIAGO

	SETEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.5	18.3	21.8 (1985)	15.9 (1933)
Tª mínima media	13.8	13.1	15.0 (2016)	11.8 (1996)
Tª mínima absoluta	7.3 (día 28)	3.6 (30/09/1982)		
Tª mínima máis alta	17.4 (día 17)	23.3 (06/09/2016)		
Tª máxima media	23.2	23.5	28.6 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	32.3 (día 3)	40.0 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	17.4 (día 23)	12.5 (19/09/2000)		
Precipitación acumulada	87	56-105	263 (1999)	1 (2018)
Días de chuvia (≥1mm)	8	8	17 (1993)	0 (2018)

*Comentario:* Mes cálido para as mínimas e normal para as medias e máximas.

Precipitacións normais, tanto en valor acumulado como en días de chuvia.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019





**LUGO**

	SETEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.0	17.1	20.4 (1987)	14.0 (1995)
Tª mínima media	11.7	11.0	13.9 (1991)	8.8 (1989)
Tª mínima absoluta	5.7 (día 28)	1.0 (28/09/1993)		
Tª mínima máis alta	15.9 (día 19)	18.0 (01/09/1999)		
Tª máxima media	24.3	23.2	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	29.7 (día 20)	39.4 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	17.76 (día 1)	13.0 (27/09/1992)		
Precipitación acumulada	21	42-66	137 (1986)	0 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	4	7	16 (1995)	2 (1988)

*Comentario: Mes cálido tanto para as temperaturas mínimas, máximas e medias. A chuvia rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia inferior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	SETEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.9	18.7	20.6 (2013)	15.8 (1974)
Tª mínima media	14.7	13.0	15.2 (2018)	10.1 (1963)
Tª mínima absoluta	9.0 (día 28)	3.7 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	17.7 (día 15)	19.0 (24/09/1968)		
Tª máxima media	25.1	24.3	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Tª máxima absoluta	34.4 (día 13)	34.9 (06/09/1970)		
Tª máxima máis baixa	18.9 (día 29)	13.4 (16/09/1962)	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Precipitación acumulada	81	74-107	268 (1967)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	7	8	18 (1968)	1 (1988)

*Comentario: Mes extremadamente cálido en mínimas e cálido nas medias e máximas. Acadouose a media das mínimas máis alta da serie. A chuvia rexistrada estivo no rango de valores normais, tanto en acumulado como en número de días de chuvia.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019



**OURENSE**

	SETEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.6	20.2	23.4 (2018)	16.7 (1974)
Tª mínima media	12.8	12.3	14.8 (1981)	9.7 (1974)
Tª mínima absoluta	8.7 (día 8)	3.0 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	18.2 (día 30)	21.0 (18/09/1981)		
Tª máxima media	28.4	27.5	32.1 (2018)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	36.0 (día 3)	41.6 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	<sup>27</sup> 21.2 (día 21)	15.4 (25/09/1994)		
Precipitación acumulada	24	29-67	227 (1999)	3 (2009)
Días de chuvia (≥1mm)	3	6	12 (1993)	1 (2009)

*Comentario: Mes normal en temperatura, tanto mínimas, máximas e medias.*


*En canto a precipitacións, foi seco. O número de días de chuvia foi a metade dos agardados.*

*\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2019. Temperatura: 1972-2019*

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas medias estiveron algo por riba das agardadas nun mes de setembro. Esta anomalía positiva explícase principalmente polas elevadas temperaturas que se rexistraban na primeira semana e momentos puntuais da segunda, que non puideron compensarse na última semana cando se rexistraron temperaturas algo máis discretas.

### 5.1. Temperatura media das máximas.



Tmáx - 09/2019

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2019.


O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 23 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas zonas altas da Mariña Lucense e nas zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense,



con valores entorno aos 17 °C. Por outra banda os valores máis altos déronse principalmente na comarca do Ribeiro e Verín, con valores de máis de 28 °C e gran parte das localidades limítrofes cos ríos Miño e Sil.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro para o territorio galego foi de 11.8 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nas comarcas da Limia e Viana, onde se acadaron valores próximos aos 8 °C. Os valores máis altos déronse principalmente en zonas das Rías Baixas, con valores próximos aos 15 °C.




Tmín - 09/2019

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2019.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de setembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de  $+0.8$  °C. Case toda a Comunidade rexistrou anomalías positivas, agás na Mariña e Bergantiños, con valores lixeiramente negativos.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de setembro de 2019 respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) non chegaron a superar os 3°C e déronse maioritariamente na provincia de Pontevedra. As anomalías máis baixas déronse na provincia de A Coruña (Táboa 2), pola zona da Costa da Morte, aínda que non foron moi elevadas, reflexando o predominio da situación cálida este mes.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	2.7
Nigrán	Pontevedra	2.2
Cambre	A Coruña	2.1
Tui	Pontevedra	2.1
Tomiño	Pontevedra	2.1
Porriño (O)	Pontevedra	2.0
Baiona	Pontevedra	2.0
Cotobade	Pontevedra	2.0
Rosal (O)	Pontevedra	1.9
Guarda (A)	Pontevedra	1.8

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de setembro de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Coristanco	A Coruña	-0.5
Ponteceso	A Coruña	-0.3
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.2
Malpica de Bergantiños	A Coruña	-0.1
Laxe	A Coruña	-0.1
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0.0
Abadín	Lugo	0.1
Camariñas	A Coruña	0.1
Monforte de Lemos	Lugo	0.2
Montederramo	Ourense	0.2

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de setembro de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de setembro de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 3 e o 13 de setembro rexistráronse os valores máis altos de temperatura, especialmente o día 3 en zonas altas.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2019</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
03/09/2019	Areas	TUI	Pontevedra	37.2
13/09/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	37.0
03/09/2019	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	36.9
03/09/2019	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	36.5
13/09/2019	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	36.1
03/09/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	36.0
13/09/2019	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	35.7
13/09/2019	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	35.6
13/09/2019	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	35.6
03/09/2019	Millara	PANTÓN	Lugo	35.4

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2019 a altitude menor de 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2019</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
03/09/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28.5
03/09/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	28.5
13/09/2019	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	28.3
03/09/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	28.2
03/09/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	28.2
03/09/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.9
03/09/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	26.8
03/09/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	25.5
03/09/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	24.4
03/09/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	23.4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacan os días 10 e 28, maioritariamente na provincia de Ourense, aínda que tamén se acadaron temperaturas frías en outros moitos puntos durante diversos días do mes.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2019</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
10/09/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	0.9
10/09/2019	Xares	A VEIGA	Ourense	1.2
28/09/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	1.4
10/09/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	2.1
28/09/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	2.3
07/09/2019	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	4.1
10/09/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	4.2
06/09/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.2
10/09/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.5
11/09/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	4.7

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2019 altitude superior a 1000m.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2019</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
29/09/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0.5
08/09/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	1.6
28/09/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	2.2
28/09/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	2.7
28/09/2019	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	3.1
08/09/2019	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	3.1
28/09/2019	Vilarmaior	RODEIRO	Pontevedra	3.8
07/09/2019	Morelle	SARRIA	Lugo	3.9
28/09/2019	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	4.1
28/09/2019	Boimorto	BOIMORTO	A Coruña	4.1

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2019 altitude inferior a 1000m.



## 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 18.8 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para setembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.74 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. As temperaturas máximas presentaron unha anomalía de +0.85 °C e ás mínimas unha anomalía de +0.63 °C. Considerando a temperatura media, este setembro contrasta co ano 2018, que fora o máis cálido da serie histórica.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral por debaixo da media, aínda que con diferenzas significativas entre algunhas zonas. A franxa costeira desde cabo Vilán ata a ría de Pontevedra acadou rexistros que nalgúns puntos case duplicaron os valores normais, principalmente polas borrascas dos días 21 e 23. Tamén se superaron os valores normais en áreas de Lugo e Ourense polas tormentas da semana anterior.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual setembro 2019





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2019.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 27 % inferior ao período de referencia 1981-2010, considerando o mapa en seu conxunto.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de setembro de 2019.

### 6.3. Días de chuva en setembro de 2019

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 6.3. Os valores máis altos tiveron lugar no litoral norte da Comunidade, onde se acadaron máis de 10 días de chuva. Os valores máis baixos déronse no litoral atlántico onde a penas se rexistraron un par de días de chuva.



**Figura 10:** Días de chuva superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de setembro de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de setembro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 100 L/m<sup>2</sup> en moitas localidades. O día 23 foi a xornada na que se rexistraron os valores acumulados máis importantes, primordialmente na provincia de A Coruña.

Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Muralla	LOUSAME	A Coruña	225
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	160
Cespón	BOIRO	A Coruña	160
Castrove	POIO	Pontevedra	141
Labrada	ABADÍN	Lugo	141
Costa	ROIS	A Coruña	124
Caldas de Reis	CALDAS DE REIS	Pontevedra	122
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	120
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	119
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	115


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de setembro de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	98	23/09/2019 05:10
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	70	23/09/2019 04:20
Cespón	BOIRO	A Coruña	67	23/09/2019 04:50
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	64	23/09/2019 08:00
Costa	ROIS	A Coruña	62	23/09/2019 05:10
Castrove	POIO	Pontevedra	59	23/09/2019 05:40
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	58	23/09/2019 03:40
Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	55	20/09/2019 16:10
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	43	20/09/2019 22:50
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	42	21/09/2019 04:40

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de setembro de 2019.


## 6.4. Evolución da precipitación en setembro de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 55 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2019 para setembro.

A anomalía media para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi dun 29 % por debaixo da media. Segundo o criterio da táboa 0.2, o mes considérase que está no rango normal de precipitacións para o conxunto da Comunidade. Isto contrasta cos anos 2017 e 2018, que foran moi secos.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO





Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Como indica a Táboa 9 varias estacións superaron este limiar, principalmente o día 23, nun mes no que predominou ademais o vento do nordés.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en setembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
23/09/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	128.8
23/09/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	119.9
05/09/2019	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	114.8
01/09/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	105.4
23/09/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	100.4





**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de setembro de 2019.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	99.0	NE	17		
		Día 2				
Pta. Candieira	Cedeira	128.9	E	3		
		Día 23				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmās	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	74.2	E	2		
		Día 5				
Marco da Curra	Monfero	83.9	NE	2		
		Día 23				







**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de setembro de 2019 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmās	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	119.9	NE	2		
		Día 23				
Ancares	Cervantes	78.5	NE	12		
		Día 24				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de setembro de 2019 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muíños	70.2	E	7		
		Día 21				
Rodicio	Maceda	62.6	NE	12		
		Día 10				
Gandar ela	Celanova	56.2	NO	46		
		Día 21				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de setembro de 2019 na provincia de Ourense.




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	114.8	E	11		
		Día 5				
Ons	Bueu	78.8	NE	7		
		Día 24				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de setembro de 2019 na provincia de Pontevedra.


## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de setembro de 2019.


## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de setembro 4960 raios. Todos eles caeron no período comprendido entre os días 15 e 21 de setembro, destacando especialmente o día 17, xornada de gran actividade tormentosa na que se detectaron máis de 2300 raios (Figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en setembro de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, estes raios detectáronse principalmente na provincia de Ourense.



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en setembro de 2019.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en setembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar como este mes detectouse o terceiro maior número de raios da serie, sendo superado polos anos 2014 e 2018.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en setembro dende 2010 a 2019.

**MeteoGalicia**  
Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático  
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Lugo</b>																											
A Pontenova	16.4	21.08	27.2	20	13.4	9.7	28	47	13.2	17	**	85	98	63	35	133	1198	17	88	21	**	**	**	**	13	0	
Abradelo	16.1	22.36	30.1	3	11.2	5.9	28	18	7.3	21	**	71	92	46	56	211	1616	**	**	**	**	**	**	**	7	0	
**Alto do Faro	14.6	20.23	27.2	3	10.3	5.3	28	31	15.2	21	**	79	95	51	**	**	**	8	51	4	924	**	**	**	6	0	
**Alto do Poio	12.9	17.52	24.4	3	8.7	4.5	10	89	37.6	17	**	76	93	55	**	**	**	10	65	10	**	**	**	**	11	0	
Ancares	13.3	17.94	25.5	3	9.2	4.2	10	64	22.4	17	-38	72	90	51	52	195	1569	16	78	24	869	**	**	**	12	0	
**Borreiros	18.0	22.59	26.1	30	14.3	8.3	28	51	13.4	20	-31	82	96	63	39	144	1262	5	47	23	1012	**	**	**	14	0	
Bóveda	17.3	26.14	34.0	3	10.7	6.1	8	21	7.8	21	-94	73	94	40	59	223	1703	6	48	1	970	**	**	**	8	0	
Burela	15.5	18.49	24.5	30	13.4	10.6	9	63	23.1	1	--	82	90	70	--	--	1246	16	93	23	969	**	**	**	13	0	
Campus Lugo	17.0	24.25	29.7	20	11.7	5.7	28	21	8.6	21	-80	81	100	49	51	193	1600	7	46	5	973	**	**	**	5	0	
Castro R. de Lea	16.5	23.03	29.5	20	11.9	5.8	9	69	53.0	20	**	82	97	55	55	208	1607	**	**	**	971	**	**	**	11	0	
Conchada	17.4	25.67	32.6	13	11.4	8.0	10	16	6.0	21	**	74	96	46	61	228	1732	**	**	**	**	**	**	**	6	0	
Corno do Boi	14.6	20.17	26.7	3	11.1	8.1	10	41	16.0	21	-44	85	98	58	55	206	1511	15	62	23	**	**	**	**	10	0	
Courel	16.7	23.62	31.4	3	11.3	6.3	28	37	11.7	21	-84	68	90	42	58	219	1668	9	63	21	931	**	**	**	6	0	
Fontaneira	14.0	19.16	25.2	3	10.3	7.0	10	65	17.7	17	-24	81	96	57	--	--	1497	19	72	4	908	**	**	**	12	0	
Foz	17.5	21.56	28.4	30	14.2	9.7	28	47	18.8	1	-46	81	94	65	46	174	1424	12	96	23	1012	**	**	**	11	0	
Fragavella	13.6	16.92	24.3	20	10.9	4.9	28	83	19.5	21	17	90	99	72	40	151	1314	17	87	24	951	**	**	**	16	0	
Guitiriz-Mirador	14.6	19.87	24.9	15	11.5	8.5	10	47	19.3	21	-39	85	98	60	54	205	1512	12	63	6	941	**	**	**	9	0	
**Labrada	14.0	17.8	25.8	20	11.5	7.6	28	141	33.6	20	73	90	99	71	38	141	1294	12	53	6	**	**	**	**	18	0	
**Lanzós	15.6	21.02	28.0	20	10.7	5.6	27	59	14.0	20	**	83	95	61	**	**	**	3	46	13	965	**	**	**	11	0	
**Lourenzá	17.9	22.82	28.1	30	13.7	7.7	28	42	12.8	1	**	81	95	62	**	**	**	4	47	24	**	**	**	**	11	0	
Marroxo	16.8	23.77	31.0	3	11.9	8.7	10	18	10.4	17	-92	74	94	45	59	223	1646	9	58	24	946	**	**	**	5	0	
**Millara	18.4	27.49	35.4	3	12.6	8.8	6	33	12.7	15	**	74	97	41	**	**	**	6	46	15	**	**	**	**	6	0	
Monforte	17.8	26.54	34.0	3	10.6	5.4	7	18	7.8	17	-90	74	99	40	56	211	1671	3	46	21	**	**	**	**	5	0	
**Morelle	17.0	25.03	31.2	3	10.4	3.9	7	27	17.2	15	-56	80	100	48	38	144	1283	3	43	15	971	**	**	**	9	0	
O Cebreiro	12.9	19.58	28.0	3	8.0	4.2	6	37	13.4	21	-68	80	97	56	54	204	1584	**	59	10	874	**	**	**	10	0	
O Xipro	15.1	21.63	27.6	20	10.6	7.2	8	50	17.3	20	-49	82	99	49	57	216	1661	12	57	24	930	**	**	**	11	0	
**Olveda	15.5	22.66	30.3	3	10.0	6.8	28	21	7.3	21	-79	79	98	47	54	202	1636	5	40	4	**	**	**	**	7	0	
Pedro Murias	18.0	21.65	27.6	30	14.8	11.5	12	51	30.6	1	-27	86	97	71	47	174	1364	10	80	24	1015	**	**	**	11	0	
Penedo do Galo	14.6	17.47	22.1	20	12.6	10.2	10	81	21.0	1	18	90	99	75	39	146	1287	29	119	23	**	**	**	**	17	0	
Pol	15.2	21.77	27.4	15	11.4	7.8	28	27	10.9	21	**	83	99	53	53	200	1559	**	**	**	945	**	**	**	10	0	
Portomarín	16.9	24.7	31.0	3	11.1	6.6	8	18	7.8	21	**	79	98	47	52	197	1613	**	**	**	968	**	**	**	7	0	
Riotorto	17.2	21.78	28.3	20	13.7	8.2	28	33	8.8	21	-48	87	99	66	39	148	1371	9	58	23	**	**	**	**	13	0	
Sambreixo	15.7	21.8	27.0	15	10.9	3.1	28	19	9.9	21	**	83	98	56	58	219	1642	**	**	**	**	**	**	**	6	0	
**San Clodio	18.5	27.98	34.2	3	10.9	6.3	7	20	13.0	17	**	73	99	38	**	**	**	3	28	10	989	**	**	**	5	0	
**San Fiz	17.6	24.64	31.6	3	12.4	8.5	28	13	5.8	21	-103	75	94	48	56	211	1783	4	35	24	974	**	**	**	5	0	
Santa Cruz	17.8	22.51	27.7	30	13.1	4.4	28	23	4.2	20	-59	84	99	63	40	149	1341	5	66	23	**	**	**	**	13	0	
Serra Vacaloura	14.8	21.19	28.2	3	10.7	8.0	28	22	8.0	24	-71	86	100	54	61	231	1729	21	80	23	**	**	**	**	8	0	
Ventosa	15.0	21.23	28.9	3	10.1	6.1	7	37	14.5	21	-64	74	94	48	55	194	1546	12	62	21	916	**	**	**	10	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
**Vilamor	17.6	21.87	27.1	30	13.9	6.7	28	35	11.9	21	--	76	88	58	39	147	1312	8	51	23	**	11	0		
**Xabrega	17.8	26.75	32.9	13	11.3	6.8	7	15	6.1	17	-95	73	94	41	54	204	1625	4	65	24	982	6	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Ourense</b>																											
A Mezquita	15.6	22.27	28.3	13	9.5	4.1	7	39	13.9	21	-89	65	88	43	67	249	1833	10	64	17	905	6	0				
**A Portela	19.6	28.45	35.6	13	11.9	7.0	29	17	8.4	17	-109	62	92	32	62	233	1661	4	44	17	**	7	0				
**A Trabe	17.4	23.76	29.6	3	11.7	6.7	28	31	23.1	21	-96	64	84	43	67	251	1805	5	42	17	931	5	0				
Alto do Rodicio	14.7	20.52	27.5	3	10.0	6.5	28	45	12.8	17	-59	78	96	55	59	223	1715	13	62	10	909	10	0				
Amiudal	17.2	23.98	31.7	3	12.3	8.7	7	69	26.0	19	-51	73	93	46	63	237	1773	9	56	21	956	11	0				
As Petarelas	18.4	26.46	33.1	13	11.6	6.7	11	11	4.9	21	**	63	87	36	65	246	1789	**	**	**	**	5	0				
Baltar	15.8	24.12	30.7	3	7.7	2.2	28	25	14.4	17	-98	69	97	38	69	260	1872	8	61	6	928	6	0				
Cabeza de Manzaneda	11.3	15.07	20.7	13	7.5	0.9	10	56	19.4	21	-67	71	89	47	61	230	1769	19	72	24	829	11	0				
**Calvos	14.5	22.81	30.3	3	6.2	0.5	29	44	34.7	17	-63	80	100	49	62	234	1781	7	49	10	**	6	0				
Casaio	13.1	18.55	24.9	3	8.3	3.2	10	29	16.3	17	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	**	13	0				
**Corzos	14.0	21.6	28.2	3	7.4	2.3	28	35	11.7	19	**	69	91	42	**	**	**	7	51	21	**	6	0				
Entrimo	17.3	24.77	32.7	13	11.8	6.3	28	37	14.9	21	**	73	90	49	55	206	1629	**	**	**	**	8	0				
**EVEGA Leiro	18.8	29.13	37.0	13	10.8	6.3	7	27	12.8	15	**	71	95	36	**	**	**	1	34	23	1007	6	0				
Gandarela	17.3	24.97	32.4	3	11.6	7.8	7	19	7.4	17	-93	74	95	46	58	216	1690	6	55	21	948	7	0				
Lardeira	12.3	17.13	23.4	3	7.9	2.1	10	29	16.9	17	-84	68	87	43	61	229	1747	20	92	24	843	9	0				
**Larouco	18.5	26.71	33.5	13	11.4	6.9	11	17	15.1	17	**	58	82	33	**	**	**	4	40	17	959	5	0				
Laza	17.6	26.48	33.9	13	10.3	5.3	28	56	38.6	17	-63	70	96	39	65	243	1758	5	50	21	**	6	0				
Monte Medo	16.6	24.23	30.7	3	10.1	5.6	8	45	28.4	17	**	74	96	45	59	221	1706	**	**	**	**	9	0				
O Invernadeiro	14.5	22.44	28.5	3	7.7	1.4	28	109	41.7	17	-2	73	94	45	64	240	1762	8	52	24	904	9	0				
Ourense	19.5	28.35	36.0	3	12.8	8.7	8	23	14.4	17	**	65	89	34	**	**	**	**	**	**	**	7	0				
Ourense-Estacións	20.0	28.29	35.3	12	13.8	10.3	8	24	15.3	17	-94	66	88	37	60	228	1667	3	36	10	1004	4	0				
**Pazo de Fontefiz	17.9	24.73	32.6	3	12.7	8.6	28	43	12.1	21	-74	71	89	45	58	217	1666	6	45	4	972	7	0				
**Ponte Boga	17.6	26.01	32.5	3	11.1	7.2	8	22	9.8	17	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	10	0				
**Prado	19.2	28.57	36.1	13	12.2	8.0	8	13	6.9	17	**	71	93	41	**	**	**	2	24	4	1004	5	0				
Remuíño	18.7	28.84	36.9	3	11.6	7.8	7	22	8.0	21	-90	74	96	40	53	200	1577	5	45	7	**	7	0				
**Riós	17.0	23.61	30.3	13	11.3	6.6	28	57	25.3	17	-68	67	88	43	67	251	1856	5	48	17	**	8	0				
San Xoán de Río	15.1	21.73	28.2	3	9.7	5.7	11	28	13.9	17	-94	73	92	47	60	227	1745	12	46	24	904	7	0				
Serra do Eixe	14.4	20.46	26.8	3	9.2	4.7	11	31	14.4	21	-82	73	94	47	63	236	1759	14	75	21	883	9	0				
Verín-Vilamaior	18.4	26.57	33.3	13	11.6	7.1	28	32	17.8	17	-98	66	88	39	66	247	1816	6	53	13	957	5	0				
Verín-Vilela	17.5	27.73	34.2	13	8.5	2.7	28	18	8.5	17	-97	73	97	39	64	241	1761	4	46	10	**	5	0				
Viana do Bolo	16.0	24.7	31.5	13	8.7	4.1	28	28	16.3	19	-86	71	95	42	62	230	1728	7	71	17	923	6	0				
Xares	11.9	16.45	22.1	13	7.8	1.2	10	27	12.0	21	-83	70	89	46	64	234	1821	19	83	14	829	5	0				
Xinzo	16.1	24.93	31.9	3	7.8	1.6	8	47	30.6	17	-66	76	99	45	63	236	1807	8	52	10	948	6	0				
Xurés	15.7	21.28	28.5	3	10.9	6.0	10	34	12.4	16	-91	71	90	49	66	247	1853	15	70	21	901	7	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
Sanxenxo	19.3	24.43	34.4	13	15.4	11.3	28	49	16.2	24	-64	73	87	54	56	213	1650	4	48	21	1015	8	0		
Serra do Faro	14.7	19.74	28.0	3	10.7	6.6	10	42	26.6	21	-64	75	92	53	60	226	1643	20	81	21	907	8	0		
**Simes	18.9	25.48	33.5	13	13.4	8.7	28	51	16.3	24	**	78	95	54	61	231	1679	**	**	**	**	7	0		
**Soutomaior	19.2	25.53	34.4	13	14.7	9.7	28	63	30.1	24	**	67	82	46	**	**	**	2	36	23	999	7	0		
**Torrequeintás	19.5	25.44	34.1	13	14.9	8.2	28	62	19.4	21	-67	78	92	57	60	225	1702	5	49	21	1011	8	0		
**Tremoedo	18.8	24.13	32.6	13	14.7	9.0	28	70	20.1	24	**	75	89	54	**	**	**	5	48	5	1011	9	0		
Vigo	19.9	25.02	32.8	13	15.8	10.7	28	41	16.8	29	**	69	84	51	**	**	**	**	**	**	**	5	0		
Vigo-Campus	18.3	22.31	30.4	13	15.1	10.5	10	53	19.0	21	-72	72	85	56	65	245	1797	8	72	21	966	8	0		
Xesteiras	15.6	19.62	28.4	3	12.3	8.3	11	160	37.6	29	**	81	95	64	**	**	**	28	105	1	**	14	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.